- Depós. Cidadelle (N2-18-00161)	“	“	“
- Depós. Bruxa (N2-18-00162)	“	“	“
- ETAP San Esteban (N2-18-00163)	“	“	“
- Rede de San Esteban (N2-18-000164)	“	“	“
- Rede de Quintela (N2-18-000089)	“	02/01/2018	“
- Depós. Quintela (N2-18-000088)	“	“	“
- Depós. Cidadelle (N2-18-000090)	“	“	“
- Depós. Bruxa (N2-18-000091)	“	“	“
- ETAP San Esteban (N2-18-000092)	“	“	“
- Rede de San Esteban (N2-18-00093)	“	“	“
- ETAP San Esteban (N2-18-00208)	03/01/2018	03/01/2018	04/01/2018
- Depós. Quintela (N2-18-00209)	“	“	“
- Depós. Cidadelle (N2-18-00210)	“	“	“
- Depós. Bruxa (N2-18-00211)	“	“	“
- Rede de Quintela (N2-18-00213)	“	“	“
- Rede de San Esteban (N2-18-00233)	04/01/2018	04/01/2018	17/01/2018
- ETAP San Esteban (N2-18-00229)	“	“	“
- Depós. Quintela (N2-18-00230)	“	“	“
- Rede de Quintela (N2-18-00234)	“	“	“
- Rede de San Esteban (N2-18-00310)	05/01/2018	05/01/2018	“
- Depós. Cidadelle (N2-18-00308)	“	“	“
- Depós. Bruxa (N2-18-00309)	“	“	“
- Rede de Quintela (N2-18-00311)	“	“	“
- Rede de San Esteban (N2-18-00367)	08/01/2018	06/01/2018	“
- ETAP San Esteban (N2-18-00363)	“	“	“
- Depós. Quintela (N2-18-00364)	“	“	“
- Depós. Cidadelle (N2-18-00365)	“	“	“
- Depós. Bruxa (N2-18-00366)	“	“	“
- Rede de Quintela (N2-18-00368)	“	“	“
- Rede de San Esteban (N2-18-00373)	“	07/01/2018	“
- ETAP de San Esteban (N2-18-00369)	“	“	“
- Depós. Quintela (N2-18-00370)	“	“	“
- Depós. Cidadelle (N2-18-00371)	“	“	“
- Depós. Bruxa (N2-18-00372)	“	“	“
- Rede de Quintela (N2-18-00374)	“	“	“
- Rede de San Esteban (N2-18-00379)	“	08/01/2018	“
- ETAP de San Esteban (N2-18-00375)	“	“	“
- Depós. Quintela (N2-18-00376)	“	“	“
- Depós. Cidadelle (N2-18-00377)	“	“	“
- Depós. Bruxa (N2-18-00378)	“	“	“
- Rede de Quintela (N2-18-00380)	“	“	“
- Rede de San Esteban (N2-18-00476)	09/01/2018	09/01/2018	“
- Rede de Quintela (N2-18-00477)	“	“	“
- ETAP de San Esteban (N2-18-00472)	“	“	“
- Depós. Quintela (N2-18-00473)	“	“	“
- Depós. Cidadelle (N2-18-00474)	“	“	“
- Depós. Bruxa (N2-18-00475)	“	“	“
- Rede de San Esteban (N2-18-00539)	10/01/2018	10/01/2018	“
- ETAP de San Esteban (N2-18-00535)	“	“	“
- Depós. Quintela (N2-18-00536)	“	“	“

Data analítica Data mostraxe Data recepción resultados

- Depós. Cidadelle (N2-18-00537)	“	“	“
- Depós. Bruxa (N2-18-00538)	“	“	“
- Rede de Quintela (N2-18-00540)	“	“	“
- Rede de San Esteban (N2-18-00595)	11/01/2018	11/01/2018	“
- ETAP San Esteban (N2-18-00591)	“	“	“
- Depós. Quintela (N2-18-00592)	“	“	“
- Depós. Cidadelle (N2-18-00593)	“	“	“
- Depós. Bruxa (N2-18-00594)	“	“	“
- Rede de Quintela (N2-18-00596)	“	“	“
- Rede de San Esteban (N2-18-00669)	12/01/2018	12/01/2018	“
- ETAP de San Esteban (N2-18-00665)	“	“	“
- Depós. Quintela (N2-18-00666)	“	“	“
- Depós. Cidadelle (N2-18-00667)	“	“	“
- Depós. Bruxa (N2-18-00668)	“	“	“
- ETAP San Esteban (N2-18-00723)	15/01/2018	13/01/2018	“
- Rede de San Esteban (N2-18-00727)	“	“	“
- Rede de Quintela (N2-18-00728)	“	“	“
- Depós. Quintela (N2-18-00724)	“	“	“
- Depós. Cidadelle (N2-18-00725)	“	“	“
- Depós. Bruxa (N2-18-00726)	“	“	“
- Rede de San Esteban (N2-18-00733)	“	14/01/2018	“
- Rede de Quintela (N2-18-00734)	“	“	“
- ETAP San Esteban (N2-18-00729)	“	“	“
- Depós. Quintela (N2-18-00730)	“	“	“
- Depós. Cidadelle (N2-18-00731)	“	“	“
- Depós. Bruxa (N2-18-00732)	“	“	“
- Rede de San Esteban (N2-18-00739)	“	15/01/2018	“
- ETAP San Esteban (N2-18-00735)	“	“	“
- Depós. Quintela (N2-18-00736)	“	“	“
- Depós. Cidadelle (N2-18-00737)	“	“	“
- Depós. Bruxa (N2-18-00738)	“	“	“

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2018 16:30
Nº Rexistro: 33318
Data envío: 10/07/2018 16:10:02.574

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/07/2018 16:09:43



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30988**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre **“os datos referidos ás analíticas da calidade do subministro da auga realizadas polos concellos de Redondela e Baiona e remitidas á Xunta de Galicia nos meses de decembro de 2017, xaneiro e febreiro de 2018”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A relación e datas de realización das analíticas de calidade do subministro de auga realizadas pola Xunta de Galicia sobre o abastecemento dos concellos de Vigo, Redondela e Baiona, nos meses de decembro de 2017 e xaneiro e febreiro de 2018 é a seguinte:

VIGO:

-CAPTACIÓN EIRAS- datas das análises: 09/12/2017, 11/12/2017, 13/12/2017, 15/12/2017, 16/12/2017.

-REDE DE CASTRO- Data da análise: 09/12/2017.

-REDE DE CANIDO- data da análise: 13/12/2017, 15/12/2017, 15/12/2017, 16/12/2017, 19/12/2017, 19/12/2017, 20/12/2017, 20/12/2017, 22/12/2017, 22/12/2017.

-REDE DE CANDEAN- data da análise: 14/12/2017, 14/12/2017.

-REDE DE VALLADARES- data da análise: 09/12/2017, 11/12/2017, 12/12/2017, 13/12/2017, 13/12/2017, 14/12/2017, 15/12/2017, 15/12/2017, 16/12/2017, 20/12/2017, 20/12/2017, 22/12/2017, 22/12/2017, 27/12/2017, 27/12/2017, 29/12/2017, 03/01/2018, 03/01/2018, 03/01/2018, 03/01/2018, 05/01/2018, 10/01/2018, 18/01/2018, 19/01/2018, 20/01/2018, 01/02/2018, 07/02/2018.

-ETAP DE CASAL- datas das análises: 16/12/2017, 15/12/2017, 15/12/2017, 14/12/2017, 14/12/2017, 13/12/2017, 13/12/2017, 12/12/2017, 11/12/2017, 09/12/2017.

-DEPÓSITO DE CABECEIRA DE CASAL- datas das análises: 19/12/2017, 19/12/2017, 16/12/2017, 15/12/2017, 14/12/2017, 13/12/2017, 13/12/2017, 11/12/2017, 09/12/2017.

-REDE DE CASAL- datas das análises: 09/12/2017, 09/12/2017, 11/12/2017, 11/12/2017, 13/12/2017,12/12/2017,13/12/2017,13/12/2017,14/12/2017,14/12/2017,14/12/2017,14/12/2017, 15/12/2017,15/12/2017,16/12/2017,19/12/2017,19/12/2017,20/12/2017,20/12/2017,22/12/2017 22/12/2017,22/12/2017,27/12/2017, 27/12/2017, 29/12/2017, 29/12/2017, 29/12/2017, 29/12/2017, 29/12/2017, 29/12/2017.

02/01/18, 02/01/2018, 03/01/2018, 03/01/2018, 03/01/2018, 03/01/2018, 03/01/2018, 03/01/2018,04/01/2018,04/01/2018,05/01/18,05/01/18,05/01/18,05/01/2018,10/01/2018,10/01/2018,10/01/2018,15/01/2018,15/01/2018,15/01/2018,15/01/2018,18/01/2018,18/01/2018,18/01/2018,19/01/2018,19/01/2018,19/01/2018,19/01/2018,19/01/2018,19/01/2018,20/01/2018,20/01/2018,20/01/2018,20/01/2018,20/01/2018,20/01/2018,01/02/2018,01/02/2018, 31/01/2018,31/01/2018,31/01/2018,07/02/2018,07/02/2018,07/02/2018,07/02/2018,07/02/2018, 12/02/2018,12/02/2018,12/02/2018,14/02/2018,14/02/2018,14/02/2018,14/02/2018,14/02/2018, 15/02/2018,15/02/2018,15/02/2018,15/02/2018,15/02/2018,15/02/2018,16/02/2018,16/02/2018, 16/02/2018,16/02/2018,19/02/2018,19/02/2018,19/02/2018,19/02/2018,19/02/2018,20/02/2018,20/02/2018, 20/02/2018,21/02/2018,21/02/2018,21/02/2018,22/02/2018,22/02/2018,22/02/2018,26/02/2018, 26/02/2018,26/02/2018, 28/02/2018,28/02/2018,28/02/2018, 28/02/2018.

REDONDELA

REDONDELA:

- ZA de San Esteban- datas das análises: 28/11/2017, 09/12/2017, 09/12/2017, 11/12/2017, 11/12/2017,14/12/2017,14/12/2018,15/12/2017,16/12/2017,15/12/2017,19/12/2017,19/12/2017, 21/12/2017,21/12/2017,27/12/2017,29/12/2017, 02/01/2018, 03/01/2018, 22/01/2018, 24/01/2018.

- ZA de Chapela- datas das análises: 28/11/2017, 28/11/2017, 09/12/2017, 09/12/2017, 2.9/12/2017, 03/01/2018, 22/01/2018, 24/01/2018.

- ZA de Quimela- datas das análises: 28/11/2017, 09/12/2017,09/12/2017,09/12/2017, 11/12/2017,11/12/2017, 11/12/2017, 14/12/2017, 14/12/2017, 14/12/2017, 14/12/2017, 14/12/2017,15/12/2017,15/12/2017,16/12/2017,15/12/2017,15/12/2017,16/12/2017,16/12/2017 19/12/2017,19/12/2017,21/12/2017,21/12/2017,27/12/2017,29/12/2017,22/01/2018,03/01/2018 24/01/2018.

- ZA Rede de Redondela- datas das análises: 29/12/2017, 03/01/2018, 22/01/2018, 24/01/2018.

BAIONA:

Red de Morade- datas das análise: 07/11/2018, 13/12/2017, 13/12/2017, 15/12/2017,15/12/2017, 16/12/2017, 04/01/2018, 10/01/2018, 22/02/2018, 27/02/2018,

Depósito de Morade- data da análise: 22/02/2018.

- Rede de Baiña- datas das análises: 07/11/2017, 13/12/2017, 15/12/2017,16/12/2017,19/12/2017,19/12/2017, 21/12/2017, 21/12/2017,

04/01/2018, 10/01/2018, 15/02/2018; 15/02/2018, 21/02/2018, 27/02/2018.

- Depósito de Baiña- datas das análises: 15/12/2017, 15/12/2017, 16/12/2017, 21/02/2017.

- Embalse de Baiña- datas das análises: 15/02/2018, 21/02/2018, 22/02/2018.

Rede de Baiona- datas das análises: 07/11/2017, 07/11/2017, 13/12/2017,13/12/2017, 13/12/2017,16/12/2017,19/12/2017,19/12/2017,21/12/2017,21/12/2017,04/01/2018,10/01/2018 15/02/2018, 21/02/2018, 27/02/2018, 27/02/2018.

- Depósito de Baiona- datas das análises: 13/12/2017, 13/12/2017, 1.5/12/2017, 15/12/2017, 15/12/2017, 15/12/2017, 16/12/2017, 15/02/2018, 21/02/2018.

- ETAP de Baiona- data da análise: 13/12/2017, 13/12/2017

Indicar, por outra banda, que dado que resulta imposible dar traslado á totalidade das analíticas solicitadas, debido ao gran volume de información que supoñen, non obstante quedan á súa disposición para ser consultadas nas instalacións da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, no Edificio administrativo de San Lázaro, en Santiago de Compostela, co rogo de que comuniquen no teléfono 881542930, coa suficiente antelación, o día e hora prevista para a citada consulta, aos efectos de organización do persoal e de espazos para que esta poida ser atendida na forma debida”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 09:49
Nº Rexistro: 33377
Data envío: 12/07/2018 09:49:25.527

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/07/2018 9:49:03



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31059**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as mais, sobre **“a fase de tramitación na que se atopa o expediente de concentración parcelaria na parroquia de San Pedro de San Román, no concello de Santiso, así como o prazo previsto para o inicio dos traballos”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural informa que esta iniciativa xa foi respondida na Comisión 7ª celebrada o 5 de xullo do 2018, polo Director Xeral de Desenvolvemento Rural, Miguel Ángel Pérez Dubois, dando resposta á pregunta 31058.

A ligazón da Comisión onde se pode consultar a resposta realizada é:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2018-07-05?part=ee271cab-bba4-4d3f-a62c-497ef232103c&start=87>

O director xeral de Desenvolvemento Rural, Miguel Pérez Dubois, informou que o inicio da reestruturación parcelaria da zona de San Román pasa, despois da entrada en vigor da Lei de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia (METAGA), no ano 2015, polo cumprimento da mesma en canto ao inicio do proceso, debendo ser solicitada polo menos dun 70 % dos titulares das explotacións agrarias con base territorial na zona incluídas en calquera rexistro público e con actividade, ou ben por solicitude motivada polo Concello afectado, ou de oficio por parte da propia Consellería (art. 6 da METAGA), e sempre que cumpran cos obxectivos que marca o artigo 7 da propia Lei.

Así mesmo debe elaborarse un Estudo Previo de Iniciación conforme ao artigo 9 e contera

como mínimo:

- a) Un estudo de caracterización.
- b) Un estudo de determinación do perímetro de reestruturación da zona, que conterá información cartográfica precisa sobre o seu deslindamento perimetral e a delimitación da zona de reestruturación, incluíndo a delimitación precisa dos elementos de especial protección de carácter histórico-cultural, arqueolóxico, paisaxístico, forestal, mineiro, ecolóxico, ambiental e calquera outro que a normativa sectorial vixente determine.
- c) Unha delimitación, o máis pormenorizada posible, do perímetro do solo de núcleo rural, solo urbano e solo urbanizable dentro do perímetro de reestruturación parcelaria.
- d) Unha avaliación das fontes cartográficas existentes e a súa posibilidade de emprego no proceso.
- e) Unha análise das explotacións agrarias e proxectos agrarios con compromiso asinado, a súa superficie actual, os réximes de tenza, a posibilidade de expansión, a posibilidade de novas incorporacións á actividade agraria e a mellora na viabilidade das explotacións como resultado do proceso, así como calquera outra que teña interese en relación con elas.
- f) A resolución favorable do órgano ambiental respecto da avaliación de impacto ambiental da zona de reestruturación parcelaria.
- g) Unha prospección arqueolóxica de carácter extensivo, identificando os bens de interese histórico-cultural, arqueolóxico, etc., que a lexislación determine como obrigatoria.
- h) Unha relación de entidades e actores de relevancia para a execución do proceso, así como actuacións, plans ou programas que se deben ter en conta.
- i) Calquera outro estudo que se considere relevante ou que a lexislación sectorial determine.
- j) Conclusións e avaliación global da viabilidade da zona que se vai reestruturar.

O contido do estudo será dado a coñecer ás persoas interesadas no proceso mediante aviso inserido no Diario Oficial de Galicia e poderá ser consultado, durante o prazo dun mes, no concello afectado, na sede electrónica da Consellería do Medio Rural.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 17:10
Nº Rexistro: 33288
Data envío: 09/07/2018 17:10:44.245

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/07/2018 17:10:40



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31172**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento e a opinión do Goberno galego respecto do Proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude da autorización ambiental integrada das instalacións de xestión de residuos ubicadas en Teo (A Coruña) presentado polo Grupo Toysal, así como o seu impacto ambiental e social”**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno celebrada o pasado 11 de xullo de 2018 pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en resposta á iniciativa con número de rexistro 31322. Na súa intervención, a conselleira explicou a fase inicial na que se atopa este proxecto, que tivo entrada na Consellería de Medio Ambiente en decembro de 2017. Detallou os trámites a seguir tanto pola Xunta como polo Concello de Teo.

O enlace ao vídeo da sesión plenaria do pasado 11 de xullo de 2018 na que se respondeu a dita cuestión é o seguinte:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11?part=5f4680b6-c9fe-4653-b95f-97531e90e615&start=9273.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11?part=5f4680b6-c9fe-4653-b95f-97531e90e615&start=9273)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/07/2018 11:19
Nº Rexistro: 33419
Data envío: 13/07/2018 11:19:50.559

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/07/2018 11:19:46



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31314**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do impacto medioambiental que está a ter no lugar de San Miguel de Reinante, no concello de Barreiros, a carencia de estación depuradora de augas residuais, os datos referidos á tramitación do proxecto de construción dunha nova EDAR para ese lugar e as súas previsións en relación coa dotación dunha partida orzamentaria específica para a depuración dese concello”**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno celebrada o pasado 11 de xullo de 2018 pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en resposta á iniciativa con número de rexistro 31312. Na súa intervención, a conselleira explicou os pasos dados en relación ao proxecto para a nova EDAR de San Miguel de Reinante, que vén de ser redactado e supervisado por Augas de Galicia.

O enlace ao vídeo da sesión plenaria do pasado 11 de xullo de 2018 na que se respondeu a dita cuestión é a seguinte:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11?
part=5f4680b6-c9fe-4653-b95f-97531e90e615&start=8508.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11?part=5f4680b6-c9fe-4653-b95f-97531e90e615&start=8508.)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/07/2018 13:56
Nº Rexistro: 33430
Data envío: 13/07/2018 13:56:44.968

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/07/2018 13:56:41



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31632**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as mais, sobre **“o balance e os datos do Goberno galego referidos ás actuacións de limpeza levadas a cabo polos concellos nas faixas secundarias de seguridade e protección contra os lumes, as achegas orzamentarias realizadas pola Xunta de Galicia para ese fin e os principais impedimentos atopados polas entidades locais para a posta en práctica das instrucións da Consellería do Medio Rural ao respecto”**, (publicada no BOPG número 317 do 7 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural informa que esta iniciativa xa foi respondida na Comisión 7ª celebrada o 5 de xullo do 2018, polo Director Xeral de Ordenación Forestal, Tomás José Fernández-Couto Juanas, dando resposta á pregunta 31633.

A ligazón da Comisión onde se pode consultar a resposta realizada é:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2018-07-05?part=ee271cab-bba4-4d3f-a62c-497ef232103c&start=851>

O director xeral de Ordenación Forestal, Tomás Fernández-Couto, sinalou que todas as administracións teñen competencias no que ao mantemento das faixas de xestión e do cumprimento das distancias de plantacións se refire, ademais este ano modificouse a normativa para facilitar a actuación naquelas parcelas nas que os propietarios incumpren as súas obrigas. En concreto, agora a lexislación permite ás administracións (tanto concellos como Xunta, segundo a competencia de cada un) entrar nun predio e rozalo de xeito subsidiario tan só 15 días despois de que o aviso sexa publicado no DOG e no BOE. Deste xeito, desbloquease o problema administrativo co que se atopaban as institucións para actuar cando o propietario non o facía. No caso de que o que se incumpra sexan as distancias das

plantacións o prazo amplíase a dous meses e a administración tamén podería comisar as especies arbóreas que estean en situación ilegal. En todo caso, dende a Xunta de Galicia sempre se colaborou cos municipios para facilitar estes traballos a través dos convenios de prevención e defensa contra os incendios forestais ao que calquera concello se pode unir. Grazas a estes acordos poden contratar brigadas, condutores de motobomba e rozar a través dunha subvención da Consellería do Medio Rural.

Pero ademais, nestes últimos anos incrementouse a colaboración a través de diferentes fórmulas, como a dos tractores para a roza (ata 70 en só dous anos para uso dos municipios) e co convenio proposto á Fegamp cun orzamento de seis millóns de euros para o primeiro ano aboados integramente polo Goberno galego. Con esta achega poderán traballar nos espazos da súa competencia.

Xunto aos avances legislativos acometidos para axilizar as actuacións subsidiarias e naqueles espazos de titular descoñecido, a Consellería do Medio Rural está poñendo en marcha tamén un visor web para a identificación das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa a través do emprego de nova tecnoloxía. Será de acceso público e comezará naqueles concellos con plans xerais de ordenación municipal adaptados á Lei de Ordenación Urbanística.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 17:10
Nº Rexistro: 33287
Data envío: 09/07/2018 17:10:36.713

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/07/2018 17:10:21



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31725**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a fase na que se atopa o proxecto básico e estudo de impacto ambiental dunha planta de xestión de residuos na antiga canteira de Casalonga, no concello de Teo, a opinión do Goberno galego respecto do seu impacto e a suficiencia das tecnoloxías punteiras reflectidas no proxecto, así como as súas intencións referidas á existencia dun plan de restauración detallado e a posición que vai adoptar ao respecto”**, (publicada no BOPG número 317 do 7 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno celebrada o pasado 11 de xullo de 2018 pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en resposta á iniciativa con número de rexistro 31723. Na súa intervención, a conselleira explicou a fase inicial na que se atopa este proxecto, que tivo entrada na Consellería de Medio Ambiente en decembro de 2017. Detallou os trámites a seguir tanto pola Xunta como polo Concello de Teo.

O enlace ao vídeo da sesión plenaria do pasado 11 de xullo de 2018 na que se respondeu a dita cuestión é o seguinte:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11?
part=5f4680b6-c9fe-4653-b95f-97531e90e615&start=9273.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11?part=5f4680b6-c9fe-4653-b95f-97531e90e615&start=9273.)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/07/2018 13:56
Nº Rexistro: 33429
Data envío: 13/07/2018 13:56:31.155

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/07/2018 13:56:12



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31726**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, obre **“a alternativa elixida pola Xunta de Galicia para o desenvolvemento da planificación integral da mellora da seguridade da estrada OU-402 no treito de Reza segundo as demandas veciñais, os datos referidos á tramitación das alegacións presentadas ao proxecto de construción dun itinerario peonil e ciclista nese tramo e os prazos estimados para a concreción do proxecto final e a súa execución, así como as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 317 do 7 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“ A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, aprobou, o 2 de novembro de 2017, o documento ‘itinerarios peonís e ciclistas na comarca de Ourense e concellos limítrofes’ sobre a base da ‘Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia’. Pero xa antes, en xullo de 2016, presentara a súa proposta na que xa se incluía a senda de Reza.

A actuación proposta executarase entre os lugares de Vista Fermosa e Outariz, pola marxe dereita da estrada OU-402, desde o punto quilométrico 1+090 ata o aparcadoiro situado no punto quilométrico 3+290, retomando posteriormente o itinerario no treito da marxe dereita do río Miño, na zona das termas de Outariz.

A finalidade que persegue a dita actuación é crear un camiño seguro para peóns. Polo tanto, non se trata dun carril-bici.

En canto ao tráfico, mellorarase a seguridade ao evitarse as interaccións con peóns que actualmente se producen na calzada.

O 4 de abril de 2018 publicouse o anuncio polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto. O prazo para presentar alegacións rematou hai unhas semanas, de maneira que nestes momentos se están a avaliar todas as achegas que se están recibindo.

Actualmente estase traballando nunha proposta que permita o consenso cos colectivos veciñais. Como se ten dito, o proxecto someteuse a información pública ao obxecto do seu coñecemento e o obxectivo é lograr o consenso antes da súa execución.

As consideracións por parte do Concello de Ourense foron trasladadas na xuntanza que tivo lugar no edificio do concello o 3 de maio, encontro no que tamén participaron representantes dos veciños.

Respecto á participación da veciñanza na elaboración do proxecto, debe resaltarse que este aínda non está aprobado definitivamente e que a dita participación vén garantida polo trámite de información pública do artigo 21.1 da Lei de estradas de Galicia. Ademais, celebrouse unha reunión coa asociación de veciños o 19 de abril; e con veciños e Concello –como se ten referido– o día 3 de maio.

Desde a Xunta de Galicia considérase que a actuación descrita resulta moi necesaria para incrementar a seguridade viaria xa que, nestes momentos, é necesario reforzar a seguridade para os peóns no seu tránsito pola estrada.

Lembrar, ademais, que nos últimos anos se acondicionou o firme da estrada e se reordenou a sinalización horizontal para incrementar a seguridade viaria. Coa actuación proxectada búscase completar a mellora da seguridade viaria no referido aos peóns.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 09:35
Nº Rexistro: 33241
Data envío: 09/07/2018 09:35:40.674

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/07/2018 9:35:37



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32289**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os prazos previstos polo Goberno galego para solucionar as deficiencias que presenta o servizo de atención pediátrica do concello do Val do Dubra, a consecuencia da redución do seu horario de atención e o traslado a outro espazo do seu lugar de consulta”**, (publicada no BOPG número 324 do 21 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde de Vite e o Centro de Saúde de Val do Dubra conforman o Servizo de Atención Primaria de Val Do Dubra - Vite.

A atención pediátrica neste Servizo de Atención Primaria é dispensada por 2 pediatras. Un a tempo completo en Vite e a outra pediatra que atende media xornada en Val do Dubra e media en Vite de luns a venres.

O Centro de Saúde de Val do Dubra segundo datos de Tarxeta Sanitaria, ten inscritos a data actual 359 menores en idade pediátrica (de 0-14 anos), dos que unicamente 64 son menores de 3 anos.

A vista destes datos a cobertura poboacional pediátrica é axeitada, xa que os nenos de Val do Dubra teñen garantida a asistencia efectiva por un pediatra ben sexa no Centro de Saúde de Val do Dubra ou no de Vite.

Revisadas as axendas de pediatría de Val do Dubra constatamos que hai citas dispoñibles sen demora.

Examinadas as axendas en diferentes períodos e polo miúdo hai accesibilidade total polo que descoñecemos a aseveración que fan de demoras de 3 semanas.

A diminución da natalidade e a mellora das comunicacións viarias e telemáticas axudan a garantir unha asistencia de calidade optimizando os recursos humanos existentes, xestionando con rigor os mesmos e sendo totalmente accesibles.

Polo que se refire á nova ubicación da consulta de pediatría realizouse o cambio ante a petición dos pais dos nenos e nenas que consideraban que a consulta de pediatría e a de enfermaría estaban lonxe, o que obrigaba a vestir e espir os nenos dúas veces. Atendendo as suxestións dos pais optouse pola distribución actual.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 09:35
Nº Rexistro: 33240
Data envío: 09/07/2018 09:35:32.299

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/07/2018 9:35:17



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 09:35
Nº Rexistro: 33239
Data envío: 09/07/2018 09:35:03.392

Data 09/07/2018 09:34

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32313**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do servizo de atención primaria que se está a prestar no concello de Forcarei, na provincia de Pontevedra, os datos ao respecto referidos ao Centro de Saúde de Soutelo de Montes e as actuacións previstas polo Sergas para garantir os servizos de matrona e de pediatría no Centro de Saúde de Forcarei durante o período vacacional”**, (publicada no BOPG número 324 do 21 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A dotación en atención primaria é a adecuada para poder garantir unha asistencia sanitaria de calidade, tanto en adultos como na poboación infantil deste municipio.

O total de días no que se interrompeu o horario habitual de atención a pacientes foi de 4 días non completos senón que supuxeron 12 horas en total. Hai que indicar que a poboación nunca queda desatendida xa que se deriva ao Centro de Saúde de Forcarei (a 9 Km.) en horario de mañá, do mesmo xeito que o fai ao PAC de Cerdedo (a 9 Km.) todos os días do ano en horario de tarde ou festivos e fins de semana.

No que vai do ano 2018 foron atendidas un total de 66 emerxencias.

As ausencias de profesionais son cubertas cando se dispón de substituto, cando isto non é posible, realízase a xestión de ausencias programadas, procúrase un goce graduado das

vacacións dos profesionais, de modo que se compatibilice o dereito ao descanso cunha cobertura e asistencia sanitaria de calidade.

A dotación de profesionais realízase con criterios exclusivamente técnicos, que teñen en conta entre outros: o número de habitantes, a dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación, a isocrona respecto do Hospital de referencia así como do PAC, etc.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 09:35
Nº Rexistro: 33239
Data envío: 09/07/2018 09:35:03.392

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/07/2018 9:34:40



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32343**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as mais, sobre **“as deficiencias detectadas nas cociñas da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, en particular na do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, o prazo previsto para a posta en funcionamento do novo servizo de cociña no novo edificio dese hospital e as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego na cociña actual namentres, así como a súa opinión respecto da garantía nesta das condicións de seguridade laboral necesarias”**, (publicada no BOPG número 324 do 21 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación co servizo de cociña do Complexo Hospitalario de Ourense efectivamente recibíuse na Estrutura de Xestión Integrada de Ourense a proposta de requirimento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, segundo o previsto no Real decreto 707/2002, de 19 de xullo.

De conformidade co establecido no artigo 5 do mencionado Real Decreto formuláronse as seguintes alegacións:

1. Queda constatado na proposta de requirimento da Inspección de Traballo o anuncio de contratación da obra para a construción dunha nova infraestrutura para a cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, co fin de dotala dos espazos adecuados e eliminar as deficiencias estruturais das actuais instalacións, ubicándoa no edificio do novo hospital.

2. A Unidade de Prevención de Riscos Laborais (UPRL) elaborou informe de visita, observándose determinadas deficiencias relativas ao mantemento e coidado do material, coincidindo coas observacións realizadas pola Inspección na súa proposta.

3. Ante dita situación tivo lugar unha reunión para analizar as deficiencias observadas así como establecer os ámbitos de actuación e medidas necesarias para a súa subsanación e poder determinar as medidas a levar a cabo mentres a nova cocina no estea en funcionamento. Entre as medidas a adoptar están: revisar e facer cumprir os protocolos de limpeza, revisar os procedementos de traballo (cumprimento das normas de seguridade), constatar que os traballadores dispoñen de equipos de protección individual (EPIS) e se requirirá a súa utilización en orden a evitar los accidentes.

4. Remitiuse o Protocolo de limpeza a realizar nas dependencias da cociña, así como o Procedemento de limpeza no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, xunto coa táboa de frecuencia das tarefas, recordándose á empresa adxudicataria a obrigatoriedade no seu cumprimento. E tamén se ordena que inclúan estes procedementos específicos para a área de cociña no seu Manual de Procedementos do Servizo de Limpeza.

5. Nestes momentos foron realizadas as seguintes actuacións:

Información aos traballadores dos circuítos a realizar

Reparación de marmitas

Reparación do cadro eléctrico e enchufes

Protección da picadora de carne

En relación coa nova cociña que se instalará no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, de momento mantense a previsión de posta en funcionamento a finais do 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2018 16:30
Nº Rexistro: 33317
Data envío: 10/07/2018 16:09:31.870

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/07/2018 16:09:09



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32810**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego do proxecto do Grupo Toysal para a instalación dunha planta de xestión de residuos na antiga canteira de Casalonga, no concello de Teo, a súa opinión en relación co desenvolvemento deste tipo de proxectos en solos rústicos e/ou solos situados preto de zonas residenciais e as súas previsións respecto da introdución dalgunha modificación ao respecto”**, (publicada no BOPG número 331 do 4 de xullo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno celebrada o pasado 11 de xullo de 2018 pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en resposta á iniciativa con número de rexistro 31322. Na súa intervención, a conselleira explicou a fase inicial na que se atopa este proxecto, que tivo entrada na Consellería de Medio Ambiente en decembro de 2017. Detallou os trámites a seguir tanto pola Xunta como polo Concello de Teo.

O enlace ao vídeo da sesión plenaria do pasado 11 de xullo de 2018 na que se respondeu a dita cuestión é o seguinte:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11?part=5f4680b6-c9fe-4653-b95f-97531e90e615&start=9273.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11?part=5f4680b6-c9fe-4653-b95f-97531e90e615&start=9273)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)


Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/07/2018 11:18
Nº Rexistro: 33415
Data envío: 13/07/2018 11:18:39.136

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/07/2018 11:18:17



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727